



2 | Mato solicita ao Senado apoio para promover unha estratexia nacional que faga fronte ao problema demográfico

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu, a petición da Cámara alta, na Comisión de entidades locais, no marco da ponencia de estudo para a adopción de medidas en relación co despoboamento do rural en España

12 | Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de novembro un total de 248.632 persoas desempregadas

Traballo incrementará en 2015 o orzamento destinado ao cooperativismo nun 30% ata alcanzar os 4,8 millóns de euros



Traballo creará os 'Premios RSE Galicia' que recoñecerán anualmente as empresas que fomenten a responsabilidade social



6 | Aprobada a Lei de accesibilidade que impulsa unha sociedade máis inclusiva e aspira á ausencia de barreiras físicas e da comunicación

4 | Os descontos de ata un 50% nas tarifas do Plan de transporte metropolitano para as familias numerosas aplicaranse a partir do 1 de decembro



Sumario	Política social	2-7	Xuventude e voluntariado	14-15
	Traballo	8-13	Publicacións	16-17
	Informe do paro rexistrado	12-13	Normativa	18-26

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	

16 | **Publicacións**
Catálogo de publicacións na web



Mato solicita ao Senado apoio para promover unha estratexia nacional que faga fronte ao problema demográfico

- ▶ A conselleira de Tráballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu por petición da Cámara alta, na Comisión de entidades locais, no marco da ponencia de estudo para a adopción de medidas en relación co despoboamento do rural en España
- ▶ Presentou o balance do Plan de dinamización demográfica, que en menos de dous anos xa ten en execución máis do 60% das súas medidas
- ▶ Destacou o avance realizado nas deducións ás familias, unha liña que continuará no próximo exercicio, e que converterá a Galicia na comunidade autónoma con maiores beneficios fiscais nesta materia do Estado
- ▶ Adiantou actuacións novidosas de cara ao ano que vén, como a posta en marcha do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica ou das casas niño
- ▶ A titular do departamento autonómico apostou por dar unha "resposta de país" ante este "problema estrutural".

Madrid, 24 de novembro de 2014. - A conselleira de Tráballo e Benestar, Beatriz Mato, solicitou no Senado o seu apoio para promover unha estratexia nacional que faga fronte ao problema demográfico, ao tempo que volveu demandar a necesidade dun Pacto de Estado nesta materia.

Así o expuxo durante a súa comparecencia, a petición da Cámara alta, na Comisión de entidades locais, no marco do relatorio de estudo para a adopción de medidas en relación co despoboamento do rural en España. Nela, os representantes das seis comunidades autónomas que

forman parte do Foro de rexións con desafíos demográficos (FREDD) explicaron as súas demandas e propostas.

Na súa intervención, a titular do departamento autonómico considerou que os baixos índices de natalidade e o envellecemento da poboación constitúen un "problema estrutural ante o que non se poden propoñer solucións conxunturais. A resposta ten que ser firme e responsable, unha resposta de país que inclúa a todos: administracións, axentes sociais, empresas e a todos os cidadáns".

Mato presentou o balance do Plan de dinamización demográfica de Galicia, que se empezou a executar en abril de 2013, e que constitúe unha "folia de ruta" composta por 69 medidas. Actualmente, e en menos de dous anos, xa están a executarse máis do 60 por cento destas actuacións.

Fixo especial fincapé nos apoios económicos. Recordou que este mesmo ano se incrementou nun 20 por cento a dedución fiscal por nacemento ou adopción dun fillo –de 300 a 360 euros–; e se implantou a exención de prezo público nas escolas da rede autonómica para o segundo fillo e posteriores para as rendas máis baixas.

No próximo exercicio a dedución incrementarase ata os 1.200 euros anuais no caso do segundo fillo; e ata os 2.400 no caso do terceiro ou sucesivo. Este incremento farase extensivo ás familias galegas que non teñen obriga de presentar a declaración da renda e que tampouco a presenten voluntariamente, xa que percibirán unha contía equivalente á dedución fiscal. Deste xeito, Galicia situarase á cabeza de todas as autonomías en beneficios fiscais en materia de natalidade.

No que se refire á conciliación, salientou que se incrementaron en máis do 60 por cento as prazas públicas en escolas infantís desde 2009; e que se ten promovido a flexibilidade horaria e o teletraballo na Administración pública, uns beneficios aos que xa se acolleron máis de 7.000 empregados públicos.

Adiantou, ademais, que en 2015 se creará o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica; que se porá en marcha unha "nova fórmula para a conciliación no medio rural" como son as casas niño; e que se está a ultimar a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, o que permitirá ampliar e diversificar os servizos destinados ás familias.

Por último, Mato apuntou que Galicia ten un problema engadido: a dispersión da poboación, que pode levar a unha situación de exclusión territorial. Para atallalo, estase a acometer un incremento continuo dos servizos sociais nas áreas rurais; puxéronse en marcha programas

de reequilibrio territorial, como o Impulsa Lugo e Ourense; aumentáronse os incentivos fiscais á natalidade nun 20 por cento para os nacementos en concellos de menos de 5.000 habitantes; e, na Estratexia de inclusión social 2014-2020, incluíuse por primeira vez e de xeito transversal a loita contra a exclusión territorial.

Foro das rexións

No que se refire ao traballo conxunto do FREDD, Mato fixo fincapé en distintos avances, como o feito de ter conseguido que o Goberno central incluíse un obxectivo transversal denominado "cambio demográfico" no Acordo de asociación de España 2014-2020 remitido á Comisión Europea, coa finalidade de reforzar o financiamento comunitario para as estratexias de relevo xeracional.

Lembrou, para rematar, que o FREDD tamén trasladou o seu traballo ao Comité das rexións e ao comisario de Asuntos Sociais en Bruxelas, e solicitou que se aplique a transversalidade na materia demográfica a nivel estatal.

Proxeccións de poboación. 2014-2029


Segundo as proxeccións de poboación, 2014-2029 do INE, a poboación maior de 65 anos en Galicia superará as 760 mil persoas no ano 2029, cun crecemento global do 18,55%.

Ano	España	Porcentaxe	Galicia	Porcentaxe
2014	8.442.887	18,15%	646.872	23,55%
2015	8.589.038	18,50%	654.154	23,92%
2016	8.711.627	18,79%	659.624	24,23%
2017	8.839.906	19,09%	663.839	24,50%
2018	8.995.930	19,46%	670.521	24,87%
2019	9.149.324	19,82%	676.869	25,23%
2020	9.298.024	20,17%	683.167	25,59%
2021	9.466.481	20,56%	689.709	25,97%
2022	9.647.006	20,99%	697.677	26,42%
2023	9.861.695	21,49%	706.411	26,89%
2024	10.086.667	22,01%	715.762	27,40%
2025	10.320.729	22,55%	725.569	27,93%
2026	10.567.129	23,13%	736.426	28,51%
2027	10.807.724	23,69%	746.659	29,07%
2028	11.058.249	24,28%	756.644	29,62%
2029	11.325.807	24,90%	766.845	30,19%

Fonte: Proxeccións de poboación. 2014-2029 do INE

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/PLAN_DINAMIZACION_DEMOGRAFICA_DE_GALICIA_2013-2016_V2.pdf

PLAN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA 2013-2016, HORIZONTE 2020



Os descontos de ata un 50% nas tarifas do Plan de transporte metropolitano para as familias numerosas aplicaranse a partir do 1 de decembro

- As consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e de Trabajo e Benestar asinaron esta mañá o acordo para a aplicación destas bonificacións, que beneficiarán a 19.000 familias, no eido desta iniciativa de mobilidade
- Estes descontos, contemplados no Plan de transporte metropolitano de Galicia, son compatibles coas bonificacións do programa tarifario social e recorrencia
- A bonificación será reintegrada a cada usuario a través da súa tarxeta, tal e como xa se fai coa bonificación por recorrencia
- A modo de exemplo, unha persoa de Vedra que traballe en Santiago, aforra ao ano máis de 700 euros co transporte metropolitano, e a partir de agora, este aforro roldará os 900 euros se forma parte dunha familia numerosa
- Vázquez Mourelle salienta que a Xunta manterá o impulso polo Plan de transporte metropolitano polo éxito que representa, pois nas comarcas de Santiago, Lugo, A Coruña e Ferrol rexístranse un millón de viaxes ao mes
- Este esforzo por esta iniciativa tradúcese en investir 8,6 millóns de euros, un 42% máis respecto do ano anterior, co obxectivo de estender a súa implantación a Vigo, Ourense e Pontevedra e incrementar o número de concellos das áreas en que xa funciona
- Trátase dunha medida que está encadrada en dous importantes plans transversais que se está a liderar dende a Consellería de Trabajo e Benestar: a Estratexia de familias numerosas e o Plan de dinamización demográfica

Santiago de Compostela,

7 de novembro de 2014.- As familias numerosas de Galicia poderán acollerse aos descontos de ata un 50% nas tarifas do Plan de transporte metropolitano a partir do 1 de decembro, data na que entrará en vigor esta medida impulsada grazas a un acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Trabajo e Benestar.

Tal e como destacou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, esta iniciativa permitirá a preto de 19.000 familias numerosas de Galicia beneficiarse de descontos de entre un 20% e un 50% -en función de se son familia numerosa xeral ou específica- sobre as tarifas do Plan de transporte metropolitano. Esta medida está recollida no Plan de transporte metropolitano de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e forma parte da Estratexia de apoio ás familias numerosas impulsada pola Consellería de Trabajo e Benestar, salientou a conselleira deste departamento, Beatriz Mato.

Vázquez Mourelle aclarou que a bonificación por familia numerosa, que entrará en vigor en menos dun mes, é compatible con outros descontos do programa tarifario (sociais e recorrencia) nas catro áreas nas que está en marcha (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo), sen que o importe total das bonificacións poida superar o importe total da viaxe.

O sistema de bonificación para as familias numerosas será o mesmo que o que se aplica para a bonificación por recorrencia para os usuarios que superan os 40 viaxes ao mes. Nese sentido, as viaxes realizadas nun mes polos membros de familias numerosas serán contabilizadas e procesadas e o sistema realizará unha recarga na tarxeta pola contía da bonificación con tan só introducila no caixeiro automático.

Beatriz Mato recordou que a Xunta de Galicia remitirá nos vindeiros días unha carta a todas as familias numerosas rexistradas na Comunidade das áreas nas cales esta iniciativa está operativa, para informarles destas vantaxes. O requisito que deberán cumprir é



similar ao que se lles esixe aos usuarios xerais do plan, dispor dunha tarxeta do Plan de transporte metropolitano de Galicia e, especificamente, darse de alta telematicamente na aplicación social para familias numerosas da Dirección Xeral de Familia, de xeito que a Dirección Xeral de Mobilidade conte cos datos dos usuarios que deben percibir estas bonificacións.

Iniciativa de éxito

O Plan de transporte metropolitano de Galicia comezou a súa andadura no ano 2011 e, actualmente, estase implantando nas áreas da Coruña, de Santiago de Compostela, de Ferrol e de Lugo, e as cifras demostran que é un éxito, xa que se rexistraron un millón de viaxes ao mes no conxunto destas catro áreas.

O PTM (Plan de transporte

metropolitano) implica unha serie de beneficios para os cidadáns que se traducen nun aforro medio anual para un usuario frecuente do transporte público de entre 300 ata 1.000 euros, dependendo da orixe e do destino dos seus desprazamentos.

A modo de exemplo, Ethel Vázquez explicou que se unha persoa de Vedra que vai a Santiago a traballar, aforra ao ano máis de 700 euros co transporte metropolitano, e a partir de agora, este aforro roldará os 900 euros se forma parte dunha familia numerosa. No que caso de falar dunha familia de cinco membros na que dúas ou tres persoas sexan usuarias do autobús metropolitano, é doado que cheguen a aforrar 1500 euros ao ano. "Unha importante axuda nos tempos que corren", declarou.

Antes de rematar, a responsable de Medio Ambiente destacou

que os orzamentos da Xunta para 2015 incrementan en máis dun 42% a partida para o transporte metropolitano co obxectivo de estender a súa implantación a Vigo, Ourense e Pontevedra e incrementar o número de concellos das áreas en que xa funciona; é dicir "a Xunta destinará ata 8,6 millóns de euros para manter este sistema de mobilidade no transporte público de Galicia.

Apoio ás familias numerosas

A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a importancia que teñen as familias numerosas para a Xunta, tal e como se reflicte na Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia impulsada en 2011, e engadiu que este convenio contribúe a apoiar a esas familias de

especial consideración no ámbito concreto do transporte público.

Trátase dunha medida que está encadrada en dous importantes plans transversais que se está a liderar dende a Consellería de Trabajo e Benestar: a Estratexia de familias numerosas e o Plan de dinamización demográfica.

A primeira conta con 40 medidas concretas para incidir directamente na calidade de vida das máis de 19.000 familias numerosas que hai en Galicia. Trátase dunha estratexia, elaborada coa colaboración da Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN), que lles garante unha protección especial, se centra nos seus problemas específicos e integra todos os beneficios aos que poden acceder de forma

transversal nos distintos departamentos da Xunta.

Pola súa banda, o Plan de dinamización demográfica pretende avanzar nunha solución sostible e duradeira para a crise demográfica que sofre Galicia a través de 69 medidas e con dous obxectivos prioritarios: reforzar as medidas de conciliación e brindarlles aos pais e nais apoios socioeconómicos para a natalidade.

En materia de conciliación cómpre subliñar o incremento en máis do 60% a oferta de prazas públicas en escolas infantís nos últimos cinco anos. E antes de que acabe a presente lexislatura crearanse 2.000 prazas públicas, o que significará duplicar as existentes en 2009; a implantación de forma pioneira das exencións

de prezo público para o segundo fillo e posteriores, matriculados en escolas da Rede A Galiña Azul; e o próximo ano poráse en marcha en Lugo e Ourense unha novidade fórmula de conciliación: as casas-niño.

Así mesmo, Galicia tamén está á cabeza de todas as autonomías en axudas á natalidade. Este ano aumentouse nun 20% a dedución fiscal por nacemento ou adopción dun fillo para as rendas máis baixas e en 2015 incrementárase ata os 1.200 euros anuais a dedución para o segundo fillo, e a 2.400 euros para o terceiro. Unha axuda que, ademais, desde a Consellería de Trabajo e Benestar, farase extensiva a todas aquelas familias que non teñan que presentar a declaración da renda e non o fagan.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/aplicacion-social-do-transporte-metropolitano-de-galicia>



<http://tmg.cmati.xunta.es/>



As familias galegas que teñan un segundo fillo poderanse beneficiar de ata 9.100 euros ao ano en deducións fiscais, e de case 12.000 euros se é o terceiro fillo

- A conselleira de Facenda lembra que Galicia será en 2015 a comunidade autónoma con máis axudas á natalidade.

Santiago de Compostela,

11 de novembro de 2014.- A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, avanzou que dende 2015 as familias galegas que teñan un segundo fillo poderanse beneficiar de ata 9.100 euros en deducións fiscais, unha cantidade

que chegará ata os 12.000 euros en caso de ter un terceiro fillo.

Muñoz Fonteriz presentou no Parlamento o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2015, unha norma que complementa o proxecto de Lei de orzamentos, que actualmente

tamén se atopa en tramitación parlamentaria.

Na súa intervención, explicou que esta lei inclúe medidas fiscais como o incremento das deducións para impulsar a innovación, para fomentar a utilización das enerxías renovables e para favorecer a natalidade, que converterán Galicia na comunidade con máis axudas por nacemento de fillos.

As bonificacións pasan de 360 euros a 1.200 e 2.400 euros, segundo se trate do segundo ou terceiro fillo, e prolongarase durante tres anos dende o nacemento do neno. Estas deducións, sumadas ás do Estado, fan que a bonificación total para unha familia que teña o segundo fillo chegue ata os 9.100 euros ao ano, e case 12.000 euros de ser o terceiro fillo.

Aprobada a Lei de accesibilidade que impulsa unha sociedade máis inclusiva e aspira á ausencia de barreiras físicas e da comunicación

- ▶ O Parlamento de Galicia aprobou a nova normativa, que foi impulsada pola Consellería de Trabajo e Benestar co obxectivo de sentar as bases para acadar unha accesibilidade universal
- ▶ A Lei é máis global que a anterior e incorpora ámbitos que non estaban regulados no texto de 1997, como os referidos á sociedade da información, ás telecomunicacións e ao acceso aos bens e servizos das administracións públicas
- ▶ Entre outros aspectos, a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas na promoción pública pasará do 3 ao 4 por cento
- ▶ O número de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida non se verá afectado polas políticas restritivas que se poidan levar a cabo para fomentar a mobilidade sostible
- ▶ Establece un réxime de sancións máis rigoroso para favorecer a igualdade de oportunidades
- ▶ Trátase dun texto que foi consensuado tanto na súa redacción inicial como no seu trámite parlamentario coas principais entidades sociais do ámbito da discapacidade, así como coa Federación Galega de Municipios e Provinciais (Fegamp) e os grupos parlamentarios

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2014.- O Parlamento de Galicia aprobou a Lei de accesibilidade, que foi impulsada pola Consellería de Trabajo e Benestar co obxectivo de sentar as bases para acadar unha accesibilidade universal, actualizando e unificando, deste xeito, a normativa que ata o de agora existía nesta materia, que databa do ano 1997. O texto aprobado foi consensuado tanto na súa redacción inicial, como no seu trámite parlamentario, coas principais entidades sociais do ámbito da discapacidade, así como coa Federación Galega de Municipios e Provinciais (Fegamp) e os diferentes grupos parlamentarios.

O fin último da nova Lei de accesibilidade de Galicia é impulsar unha sociedade máis inclusiva que garanta a autonomía das persoas con discapacidade e favoreza a igualdade de oportunidades.

Así mesmo, a súa aspiración fundamental é que non existan barreiras físicas e as menos visibles, como son as do ámbito da comunicación. Por iso, o novo texto introduce importantes cambios, incluíndo novidades, no eido da sociedade da información (TIC, páxinas web...) e as telecomunicacións. Desta maneira, a normativa aprobada ten un enfoque máis global e un alcance superior ao da anterior normativa, xa que, ata o de agora, a normativa actual partía do concepto de eliminación de barreiras só no eido arquitectónico.

Coa nova normativa búscase, ademais, que a accesibilidade sexa universal e que se converta nun deseño para todos. De feito, estes son os dous conceptos fundamentais que introduce a nova lei.

Neste sentido, por exemplo, a partir de agora, as administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas. Para iso, fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías-intérpretes e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado. Con esta medida, dáse cumprimento a unha demanda formulada pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).

Vivendas adaptadas e sancións

Xa no que se refire a aspectos máis concretos, cabe destacar algunhas outras novidades como son o establecemento, a partir de agora, do número de prazas de estacionamento reservado para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida, que non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcamento que se poidan levar a cabo para fomentar a mobilidade sostible.

Tamén se incrementará a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas, no caso da promoción pública, do 3 ao 4 por cento.

En canto ao réxime sancionador, este será o máis rigoroso que permite a lei estatal co fin de frear comportamentos discriminatorios e para favorecer a igualdade de oportunidades.

A nova Lei, co seu espírito transversal, regulará tamén que

na Comisión Técnica de Accesibilidade se incorpore persoal dos departamentos autonómicos competentes en materia de urbanismo, vivenda e mobilidade, co fin de ter unha perspectiva o máis integradora posible. Este é un órgano que ten entre as súas funcións a incoación, tramitación e proposta de resolución de expedientes sancionadores en materia de accesibilidade, así como tamén se encargará de asesoramento técnico e información nesta materia.

Así mesmo, e, entre outros aspectos, a nova normativa mellora a accesibilidade dos edificios, tanto no seu acceso exterior como interior; ou fomenta a accesibilidade nos itinerarios peonís e nas sinais de información que, a partir de agora, terán que levar pictogramas ou incluír unha lectura fácil.

Por último, é preciso salientar que a nova lei ten en conta tanto o marco legal estatal, como a Convención internacional de Nacións Unidas do 2006 ou a Estratexia europea sobre a discapacidade 2010-2020, que recoñece expresamente que nun contorno accesible e sen barreiras as persoas con discapacidade melloran significativamente a súa autonomía, evitan a maxinación e se incrementa a prevención da súa dependencia.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/normativa-relacionada-coa-accesibilidade>



Benestar inicia unha rolda de contactos coas principais entidades sociais para consensuar a nova estratexia de inclusión social

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2014.- A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, iniciou unha rolda de contactos coas principais entidades sociais para consensuar a Estratexia de inclusión social, que marcará a folia de ruta destas políticas ata 2020. Así, a titular de Benestar mantivo en Santiago unha xuntanza co presidente da Rede Galega de Loita contra a Pobreza, EAPN-Galicia, Xosé Cuns, e outros membros da directiva para escoitar as súas demandas co obxectivo de enriquecer coas súas achegas este documento.

A Estratexia artúclase en torno a 8 eixos transversais e 8 sectoriais e inclúe case 300 propostas de medidas, entre as que destacan o impulso de accións como o teletraballo social para aqueles territorios con maiores dificultades de acceso ou a creación dunha bolsa de horas

para a realización de actuacións de mediación intercultural para o colectivo inmigrante.

Segundo explicou a conselleira, todas as propostas foron deseñadas tendo en conta o estudo da pobreza infantil que se presentou este verán e a avaliación do II Plan galego de inclusión social (PGIS) 2007-2013.

Entre os obxectivos principais da Estratexia resaltan a promoción da igualdade ou a promoción da formación, xa que é preciso lembrar que o 55 por cento dos participantes no II PGIS eran mulleres e o 60 por cento tiñan como máximo a educación básica.

A inserción laboral é outro dos principios fundamentais desta estratexia, xa que o desemprego foi o factor máis maioritario de vulnerabilidade no PGIS. Así mesmo, a Estratexia loitará contra os efectos da exclusión territorial como unha

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza cos responsables da Rede galega de loita contra a pobreza, EAPN-Galicia para enriquecer coas súas achegas este documento
- ▶ A Estratexia artúclase en torno a 8 eixos transversais e 8 sectoriais e inclúe preto de 300 propostas de medidas
- ▶ Todas as actuacións foron deseñadas tendo en conta o estudo da pobreza infantil da Consellería de Trabajo e Benestar e a avaliación do II Plan galego de inclusión social 2007-2013
- ▶ Os obxectivos principais da Estratexia son traballar a favor da inclusión, especialmente das familias con menores, promover a igualdade e a formación, a inserción laboral das persoas máis vulnerables e a loita contra a exclusión territorial
- ▶ Entre as medidas propostas destacan o teletraballo social ou a creación dunha bolsa de horas para a realización de actuacións de mediación intercultural para o colectivo inmigrante

prioridade ao detectarse un incremento de persoas que presentan a exclusión territorial como problemática principal.

“Por iso, elaboramos unha folia de ruta que traballará en pro da inclusión en xeral e que se centrará especialmente na loita contra a pobreza infantil, na redución dos efectos da exclusión

territorial e na inserción laboral”, apuntou Mato.

Por último, a conselleira afirmou que o Goberno galego seguirá a impulsar o diálogo con todas as entidades do sector social “para seguir contando coa súa colaboración na loita contra a exclusión social, unha das máximas prioridades deste Goberno”.

Benestar incrementará en 2015 nun 42% as axudas a entidades de iniciativa social, que alcanzarán os 4 millóns de euros

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2014.- Santiago, 27 de novembro de 2014.- A Consellería de Trabajo e Benestar incrementará de cara a 2015 a orde de axudas destinada a entidades de iniciativa social que alcanzará os 4 millóns de euros, é dicir, un 42 por cento máis que este ano. Estas subvencións inclúen, entre outras, axudas para albergues e comedores sociais. De feito, o departamento autonómico garante que todas estas instalacións que teñan autorización oficial da Xunta reciban a subvención se a solicitan e cumpren os requisitos.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, avanzou que a Xunta seguirá a reforzar o seu apoio ás persoas

máis desfavorecidas nunha xuntanza que mantivo en Santiago con representantes de Cáritas de toda Galicia. Mato indicou que o Goberno galego leva a facer “un gran esforzo” para blindar o gasto social e apoiar as persoas máis necesitadas e, por iso, anunciou que en 2015 o orzamento global destinado á inclusión ascenderá a 70 millóns de euros, un 17,7 por cento máis que este ano. Mato concretou que as partidas para a Risga aumentarán nun 20 por cento.

Ademais, destacou que a colaboración do departamento autonómico con Cáritas crece cada ano e, así, en 2014 recibiu a través de diferentes liñas de axudas máis de 900.000 euros.

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza con responsables de Cáritas de toda Galicia
- ▶ Mato destacou que o orzamento global destinado á inclusión ascenderá a 70 millóns en 2015, un 17,7% máis que este ano
- ▶ A titular de Benestar, ademais, reuniuse en Santiago coa presidenta do Comité Galicia de Unicef para escoitar as súas demandas
- ▶ Mato avaliou tanto con Cáritas como con Unicef a nova Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020

Estratexia de inclusión social

Previa á xuntanza con Cáritas, a conselleira mantivo un encontro coa presidenta e outros responsables do Comité Galicia de Unicef para escoitar as súas principais demandas e avaliar, ao igual que con Cáritas, a nova Estratexia de inclusión social de

Galicia 2014-2020, que iniciou hai uns días a súa tramitación. Mato lembrou que este documento fixará as prioridades e medidas para previr e loitar contra a pobreza e a exclusión social, con especial atención aos menores en situación de vulnerabilidade, un eido no que Unicef ten especial recoñecemento.

Traballo participa nun proxecto europeo para mellorar as posibilidades de emprego para persoas con discapacidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago un encontro con 13 membros da Axencia para Persoas con Discapacidade de Bulgaria no marco do proxecto europeo 'Emprego protexido: experiencia, innovacións e oportunidades'
- ▶ Ademais de mostrarlles a organización, a lexislación propia e o traballo diario coas persoas con discapacidade, organizaranse encontros con institucións e entidades representativas no ámbito do emprego protexido en Galicia
- ▶ Así mesmo, está previsto que representantes galegos devolvan a visita en xaneiro cun desprazamento ata Sofía
- ▶ Nos orzamentos de 2015 incrementáanse en 350.000 as partidas destinadas a programas de emprego para discapacidade, ata acadar os 17,7 millóns de euros
- ▶ Neste orzamento están incluídos os centros especiais de emprego, con 8,6 millóns de euros, unha cifra que supón un incremento do 4% e que permite subvencionar o emprego de 2.000 traballadores con discapacidade nos 114 centros de Galicia

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar está a participar como socio trasnacional no proxecto 'Emprego protexido: experiencia, innovacións e oportunidades', cofinanciado polo Fondo Social Europeo e que lidera a Axencia para Persoas con Discapacidades de Bulgaria.

O obxectivo do proxecto, que dura 24 meses, é contribuír a mellorar as posibilidades de emprego para as persoas con discapacidade no país búlgaro, especialmente no ámbito protexido.

Segundo explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que mantivo un encontro cunha delegación de

13 membros desta axencia, para conseguilo estase a realizar un intercambio de experiencias entre a dita entidade e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, así como diferentes actividades.

O dito intercambio abrangue actividades como a realización dunha guía de boas prácticas e métodos no ámbito do emprego protexido en Galicia; visitas en Galicia e Bulgaria para coñecer a realidade do emprego para persoas con discapacidade nas dúas rexións; o desenvolvemento dunha metodoloxía para que o socio búlgaro poida aplicar os resultados do proxecto; e un obradoiro final que exporá e analizará os resultados do programa.

Ademais de mostrarlles a organización, a lexislación propia e o traballo diario que desenvolve a Dirección Xeral coas persoas con discapacidade, organizaranse encontros

con institucións e entidades representativas no ámbito do emprego protexido en Galicia. Así mesmo, está previsto que representantes da Comunidade devolvan a visita en xaneiro cun desprazamento ata Sofía.

Beatriz Mato indicou que para a Consellería o emprego xoga un papel "fundamental" na atención ás persoas con discapacidade porque se considera que é "a mellor ferramenta de integración".

De feito, nos orzamentos de 2015 incrementáanse en 350.000 as partidas destinadas a programas de emprego para discapacidade, ata acadar os 17,7 millóns de euros. Neste orzamento están incluídos os centros especiais de emprego, con 8,6 millóns de euros, unha cifra que supón un incremento do 4% e que permite subvencionar o emprego de 2.000 traballadores con discapacidade nos 114 centros especiais de Galicia.

Traballo incrementará en 2015 o orzamento destinado ao cooperativismo nun 30% ata alcanzar os 4,8 millóns de euros

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza coa Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca)
- ▶ Mato destacou que o Goberno galego reforzará o próximo ano o fomento das cooperativas entre os máis mozos destinando a este eido máis dun millón de euros no marco do YEI
- ▶ Salióntou que a Xunta xa ten iniciada a tramitación do anteproxecto de Lei de economía social, que inclúe a creación do Consello da Economía Social de Galicia e o regulamento da figura da cooperativa xuvenil, entre outras medidas
- ▶ A titular de Traballo anunciou que a Xunta comezará a elaborar o próximo ano un Plan estratéxico de cooperativismo

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2015 un total de 4,8 millóns de euros ao cooperativismo, un 30 por cento máis que este ano. Así o avanzou hoxe a titular de Traballo, Beatriz Mato, nunha xuntanza que mantivo en Santiago cos responsables da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca).

A conselleira afirmou que o fomento das cooperativas segue a ser unha prioridade para o Goberno galego, xa que é unha fórmula para a recuperación económica, a creación de emprego e o desenvolvemento local. Por iso, indicou que a Xunta ano tras ano está a incrementar a súa aposta por esta fórmula empresarial e avanzou que de cara a 2015 se intensificará o fomento do cooperativismo

entre os máis mozos destinando máis dun millón de euros a este eido no marco do proxecto Youth Employment Initiative (YEI).

Así mesmo, Mato lembrou que a Xunta xa ten iniciada a tramitación do anteproxecto de Lei de economía social, unha normativa que converterá Galicia na primeira comunidade autónoma en contar cunha lei destas características. Os seus principais obxectivos son o fomento da economía social; a súa posta en valor, dándolle a relevancia social que merece; e a integración do sector, que ata agora estaba disperso, facilitando, así, a súa representatividade e participación institucional.

Entre as principais medidas que inclúe a normativa destacan a creación do Consello da economía social de Galicia para coordinar as actuacións de fomento e



promoción deste ámbito ou o regulamento da figura da cooperativa xuvenil. Mato fixo especial fincapé nesta figura que puxo en marcha a Consellería de Traballo e Benestar este mesmo ano.

En concreto, o departamento autonómico facilita a posta en marcha destas cooperativas, constituídas na súa gran maioría por mozos e mozas de entre 16 e 29 anos, reducindo o capital social mínimo (de 3.000 a 300 euros) e facilitando a súa inscrición ao permitir que se faga a través de documentos de carácter privado.

Outras medidas da futura normativa serán a simplificación dos trámites administrativos; a introdución da economía social nos plans de estudo; o fomento da participación da economía social

no deseño e posta en marcha das políticas activas de emprego; e a creación de novos instrumentos para o emprendemento colectivo, como programas de microcréditos ou a posible creación dun fondo de capital risco.

Por último, a conselleira anunciou que o departamento autonómico iniciará o próximo ano a redacción dun Plan estratéxico de cooperativismo.

En total, en Galicia existen na actualidade máis de 1.240 cooperativas activas, con máis de 90.000 socios, máis de 4.700 socios dos que había en 2009, isto é, un 8 por cento máis. Desde o ano 2009 créanse 255 novas cooperativas. En total, as 1.240 cooperativas xeran 21.000 postos de traballo directo.

<http://traballo.xunta.es/centros-emprego?category=Tema/Emprego/&friendlyURL=/portada-emprego&activo=CentroEmprego>

<http://www.agaca.coop/es/>

<http://traballo.xunta.es/axudas-e-subvencions>

Traballo creará os 'Premios RSE Galicia' que recoñecerán anualmente as empresas que fomenten a responsabilidade social

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar inicia a tramitación para a constitución destes galardóns que se convocarán por primeira vez en 2015
- ▶ Os premios contarán con catro modalidades: recoñecemento no ámbito social, no eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal
- ▶ Poderán optar as empresas públicas ou privadas galegas ou que contengan centros de traballo en Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar creará os 'Premios RSE Galicia' que recoñecerán publicamente aquelas empresas galegas ou con centros de traballo en Galicia que nas súas políticas e sistemas de xestión implanten e poñan en funcionamento os principios e prácticas de responsabilidade social empresarial. Para a constitución destes galardóns, o departamento autonómico vén de iniciar a tramitación necesaria co obxectivo de convocar a primeira edición deste certame en 2015.

Os 'Premios RSE Galicia' terán unha periodicidade anual e un carácter honorífico. Carecerán de dotación económica, xa que se trata de recoñecer publicamente o labor que realizan as empresas que adoptan principios e prácticas de RSE. É unha maneira de difundir publicamente o esforzo que neste campo levan a cabo as

empresas galegas nas comunidades onde desenvolven a súa actividade e ao mesmo tempo sensibilizar o empresariado galego sobre a importancia de incorporar a RSE na súa xestión. O Goberno galego tamén pretende con esta iniciativa concienciar a opinión pública sobre a importancia desta forma de xestión empresarial.

Aos galardóns poderán optar as empresas públicas e privadas galegas que a través das súas políticas e sistemas de xestión desenvolvan actuacións responsables demostrando, así, o seu compromiso activo coa sociedade, sempre que cumpran os requisitos establecidos na orde de convocatoria. Non poderán optar aos premios as entidades sen ánimo de lucro.

O certame contará con catro modalidades ou recoñecementos: o ámbito social, o eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal.

O fomento da conciliación vai en consonancia co Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, que inclúe entre as súas medidas o fomento de actuacións de conciliación entre as pequenas e medianas empresas.

No eido social teranse en conta aspectos tales como a creación e calidade do emprego, a diversidade, igualdade, integración social, formación, acción social, compromiso coa comunidade local ou calquera outro que redunde neste ámbito. No ámbito ambiental premiarase o impacto ambiental que xera a empresa na súa actividade e no económico teranse en conta aspectos tales como a innovación, a calidade e a ética empresarial.

Por último, no recoñecemento no ámbito da conciliación laboral, familiar e persoal valorarase as actuacións que faciliten no seu cadro de persoal a conciliación a través de medidas como a reorganización de tempos e espazos; recursos e estruturas para o cuidado doutras persoas; medidas que posibiliten o seu desenvolvemento persoal; ou a modificación de roles entre mulleres e homes que fomenten a implicación de ambos coa familia.

